

NOME DA ACTIVIDADE

- O calendario de Nadal

TIPO DE ACTIVIDADE

- ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN

NIVEL

- A1/A2
- B1

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- EN GRUPO

DURACIÓN

- ENTRE 20 E 40 MINUTOS

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Formulación de preguntas e adiviñas; expresar coñecemento ou descoñecemento dun feito.
- Parafrasear, coñecer refráns e expresións feitas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado desenvolva estratexias de expresión oral.
- Que o alumnado active os coñecementos socioculturais.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- As cartas ou sobres pódense presentar como se queira, canto máis atractivo ou orixinal moito mellor; os participantes teñen liberdade para facelo como desexen.
- Cada tarxeta debe identificarse dalgún xeito cun número: o do día do mes que lle toque.
- Antes de cada fin de semana ou das festas se as hai; podemos abrir as tarxetas cos días correspondentes.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Para esta actividade o material é o calendario de decembro ou *advento*; que vai do día 1 ao 24 de decembro. Os días indicados o alumnado abrirá un sobre ou unha folla dobrada e lerá unha frase, consello, pregunta ou analizará un debuxo.

Para isto dividirase a aula en grupos e a cada un encargaráselle realizar distintas tarxetas, segundo o número de alumnas e alumnos. É moi importante que as faga

o alumnado porque cada un pode ter diferentes hábitos, costumes ou tradicións nestas datas.

Poderase apoiar a súa creatividade axudándolle co tipo de preguntas que se poden facer: preguntas sobre a tradición de Nadal (as celebracións relixiosas, os Reis Magos; o nacemento de Xesús; os motivos de Nadal como a árbore ou outros símbolos...) preguntas sobre a gastronomía nestas datas; reflexións sobre a festa máis laica (ceas, xantares, festa de fin de ano...); e características que poidan ter cada un no seu círculo social de tipo, se hai xuntanza coa familia ou amigos, como sentan á mesa, se cantan e como...

Unha vez feito isto e collendo unha sesión ou varias; introducíranse as tarxetas coas preguntas ou xogos de vocabulario nunha caixa, ou cartolina. Cada día irase abrindo unha tarxeta.

Unha vez que as tarxetas estean todas abertas, entre todos decidirase cal é a máis orixinal.

| |
|------------------------|
| MATERIAIS PARA A FICHA |
|------------------------|

Ficha a modo de exemplo:

| |
|--|
| 1 |
| Como se chama o instrumento musical que se usa no Nadal para tocar panxoliñas. |

| |
|--|
| 2 |
| Cal é a árbore típica que se usa durante estas datas para adornar algúns fogares e prazas. |

Exemplos de textos sobre as tradicións do Nadal

Desculpen a miña falta de información sobre os plans governamentais, pero é que levo varios días de *almendro*, en ruta Galicia adiante. Por se descoñecen o concepto, como o descoñecía eu, *almendros* son aqueles que volven á casa polo Nadal, como no anuncio no turrón de marras. É curioso como as tradicións do Nadal, que pensamos enraizadas na noite dos tempos, son coma quen di de antonte, incluída a *almendradura* esta.

Por exemplo, o de engulpar doce uvas en dura competición coas doce badaladas e seguir respirando, vén duns viticultores espelidos que, aló por 1920, argallaron a cousa de desfacerse dos excedentes de uva. É dicir, é unha tradición que non chega a centenaria e é estritamente local, porque en Italia, por exemplo, consideran que o propio de fin de ano son as lentellas (imaxinen a orixe). A ver se alguén se move e difunde que o que dá boa-boa sorte son doce mexillóns ou doce raxos de *pulpo*.

E o Nadal en si, en canto que celebración do nacemento de Cristo, debería de ser alá por marzo, que foi o cálculo máis exacto da data. Celebrámolo o 24 de decembro porque un papa avisado, no século III ou IV considerou que, postos a celebrar o aniversario do fundador, por que non facelo coincidir co solsticio de inverno, que era unha festa pagá con moita máis marcha e tradición. Ou sexa que eses que andan a chorar pola hexemonía da árbore importada sobre o belén castizo, non teñen razón ningunha (sobre todo porque o belén é unha importación de Italia do Renacemento). Por non falar dos Reis Magos, que en orixe eran tantos como os do Comité Científico do Prestige, ata que se decretou deixalos en tres.

Hanuka, a vitoria dun pobo errante

A festa xudía de Hanuka conmemora a vitoria da rebelión militar dos macabeos en Xudea, no século II a.C., contra a helenización relixiosa e cultural que impuña o rei sirio Antíoco. Hanuka é unha das festas xudías con máis arraigo popular (antes ca de fundamento relixioso, xa que non é unha festividade con base bíblica). Celébrase en decembro, nun sinxelo rito que se realiza en cada familia, que consiste en acender unhas pequenas candeas nun candelabro especial chamado "menora". Durante as oito noites que dura a festa, vaise aumentando o número de candeas acesas cada serán. Dánselles agasallos aos nenos, estes dedícanse a xogos tradicionais ("dreidel"), prepáranse unhas deliciosas tortas de pataca ("latkes") para comer, e a familia goza cantando cancións en hebreo ou en yidish.

Nadal catalán cun tronco máxico

No Nadal catalán conviven dous xeitos de celebrar o Nadal, que non son excluíntes e normalmente celébranse os dous na mesma familia. Por unha banda están os Reis Magos, comúns a toda a Península, e pola outra está El Tió, un toro de árbore grande que se pon na cociña que lle dá os agasallos aos nenos e logo se queima. Este tronco convértese nun animal fantástico ao poñerlle lingua nariz e ollos. Na cidade o Tió é un personaxe que semella unha besta que chega cada ano antes do Nadal, vive na cociña ou no comedor, haino que alimentar e logo el, o día 24, tráelle os agasallos aos máis novos. Estes presentes cambiaron cos tempos: ao comezo eran sobre todo doces e larpeiradas, pero hoxe xa son agasallos máis importantes. Pero o máis curioso é que o Tió caga os presentes. Si, leron ben: cágaos, e logo os da casa cántanlle cancións.

Olentzero, o rexurdimento da tradición vasca

Olentzero é un personaxe nacido da imaxinación popular vasca, comparable a Papa Noel para outros, e coa mesma función de aparecer na Noiteboa para traer agasallos aos nenos. Representábase coma un vello pastor ou carboeiro, mal vestido, gordo, de cara sucia, pero riseiro e simpático, baixando do monte, posiblemente para traer a noticia do nacemento de Xesús. Non se sabe con seguridade nin de onde vén o nome (que ten coma variantes "Olentzaro", "Onentzaro" e outras) nin tampouco cal é a orixe desta tradición. O certo é que no século vinte moitos educadores nacionalistas fixeron fincapé nela polo seu potencial diferenciador "vasco" fronte á tradición española orientada aos Reis Magos coma portadores dos agasallos. Existen numerosas cancións de Nadal moi populares que, facendo referencia ao Olentzero, se cantan nas casas vascas nestas datas, mentres que as rúas se decoran con olentzeros e os nenos compiten para construír os mellores bonecos. Hoxe día, pódese engadir ás numerosas divisións que tenden a polarizar á sociedade vasca, a distinción, máis simpática ca moitas outras, entre aquelas familias que reciben os regalos da man de Olentzero o 24 de decembro e os que deben agardar á chegada dos Reis o día 6, xa que para a xeneralidade dos vascos dalgunha idade Olentzero séguese a considerar como algo moderno, practicamente un produto das ikastolas.

Exemplos de refráns

Cando Nadal nada, sinal de boa anada.

Castañas en Nadal, saben ben e pártense mal.

Dende Santos a Nadal, é o inverno natural.

De Santos a Nadal, o inverno carnal.

Entre Santos e Nadal, ben chover, mellor nevar.

Nadal mollado e xaneiro ben xeadado.

No mes de Nadal, a carón da lareira vaite sentar.

No Nadal, inverno caroal.

No Nadal, inverno coral.

Para onde fuches cristián, por onde andaches, que ás tres misas do Nadal non chegaches?

Polo Nadal, cada ovella no seu curral.

Polo Nadal, cada un pórtase como tal.

Polo Nadal, frío cordial.

Santos e Nadal, inverno carnal.

Si Nadal nada, sinal de boa anada.